



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.

Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Araújo Nespereira, Pedro A.
Bustillo Bolado, Roberto
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Pérez Abellás, Adolfo
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pillado González, Esther
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Vázquez García, Celia

PDI-A:

Castro Cerceda, M^a Luisa
Costas González, Xosé Henrique
García Fontán, Soledad
García Pino, Antonio
García-Pintos Escuder, Adela
González Santamaría, Pedro
Llamas Nistal, Martín
Meana Martínez, Juan Carlos
Pérez Cota, Manuel
Pou Saracho, Juan María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Vallejo Pousada, Rafael
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

Fernández Alvarado, Hadrián
Fortes Novoa, Brais
Martínez Rey, Adrián

PAS:

Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Señorán, María del Mar
Martínez Gómez, César Enrique
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 4 de xullo de 2014, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **4 de xullo de 2014**, ás 10:05 horas, celebrouse a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de xuño de 2014.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2015/16.
4. Aprobación, se procede, do procedemento e da modificación do calendario para a solicitude de informe previo de envío a verificación.
5. Aprobación, se procede, de cursos de especialista.
6. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 4 da Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito do Campus de Vigo.
7. Aprobación, se procede, de solicitudes de nomeamento de profesorado emérito.
8. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
9. Toma en consideración, se procede, dos recursos extraordinarios de revisión que D. Roberto Pereira Moreira presenta contra o POD do curso 2013-2014, do Dpto. de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.
10. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada de D. Roberto Pereira Moreira contra o POD 2014-15 do Dpto. de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións.
11. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por D. Ángel Aday Jiménez Alemán contra o acordo de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento tomado no Consello de Goberno do 20/01/14.
12. Adhesión, se procede, da Universidade de Vigo á declaración polo día internacional do orgullo lésbico, gai, transexual, bisexual e intersexual.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universitat de València* – Acordo de teses en cotutela entre a Universidade de Vigo e a *Universidade do Pará* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Regional Integrada do Alto Uruguai e das Missões (URI)*

para o intercambio de estudantes – Addenda ao “Convenio entre as universidades de *La Laguna*, Santiago de Compostela, Zaragoza e *Alacante* para o desenvolvemento dun modelo de *Curso en Competencias Informacionais* para o grao no ámbito das bibliotecas universitarias.

14. Elección dos representantes no Consello Social: 1PDI; 1Estudante; 1PAS.
15. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.
 - Sector PDI: 1 vacante
 - Sector Estudantes: 1 vacante
16. Elección de representantes nas comisións delegadas de Consello de Goberno:
 - Organización Académica e Profesorado: 1 PAS
 - Planificación e Asuntos Económicos: 1 PAS
 - Investigación: 1 PAS
 - Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PAS
17. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de xuño de 2014.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa da única alegación presentada á acta. Corresponde á corrección dun erro no punto 3, no que se relacionan dous membros das comisións. Concretamente, na Comisión de Investigación hai unha confusión entre campos e ámbitos dos representantes dos estudantes. Cómpre corrixila facendo constar que Rosalía Carrillo Pérez pertence ao Campus de Vigo, ámbito Tecnolóxico, e Santiago Eduardo Pato Rodríguez pertence ao Campus de Ourense, ámbito Xurídico Social.

Apróbase por asentimento

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para informar do organigrama de goberno e da Xerencia. Trala presentación no anterior Consello de Goberno da continuidade do xerente, D. Manuel Fernández Jáuregui, comunicouse ao Consello Social, que confirmou este cargo.

Dá conta a continuación dos cambios estruturais propostos no organigrama de goberno e Xerencia. O reitor apóiase nunha presentación powerpoint (**Anexo I**). Realiza a presentación da figura da Adxunta ao reitor para a internacionalización, e a creación da Vicesecretaría Xeral Técnica. A continuación introduce a estrutura funcional da Xerencia, para amosar como se dá resposta ás funcións de goberno e a coordinación cos distintos servizos. Destaca o reitor que todos os postos implicados son profesionais, pero forman parte do goberno. Especifica que, se ben non están totalmente definidas as direccións de área, existindo aproximadamente 9 ocupadas por persoal de administración e servizos.

Esta estruturación será comunicada aos representantes sindicais a semana próxima e posteriormente publicarase na páxina web da universidade.

Continúa o reitor informando sobre aspectos tratados na COAP do día 2 de xullo.

1.- Prazas de profesorado: Con data de 1 de xullo, recibíuse comunicación (non oficial) sobre as prazas de profesorado solicitadas á Xunta. Neste momento, estamos analizando os resultados. O nº de prazas desfavorables neste momento é de 10: unha delas corresponde a un erro, 8 a interinos de substitución e 1 a un contratado doutor interino. Tan pronto como teñamos a análise máis detallada, contactaremos coa Xunta para tratar de solucionar o tema das non favorables.

2.- Títulos de grao pendentes de verificación: Xa se recibiron os informes finais favorables de Enxeñaría da Enerxía e Recursos Mineiros e Enerxéticos. Estamos á espera do informe final de Enfermaría, Dereito, Dirección e Xestión Pública, Ciencias da Linguaxe, Xeografía e Historia e Enxeñaría Física.

Solicita intervir o profesor Rodríguez Berrocal, concedéndolle a palabra o reitor a pesar de estar no punto “Informe do Reitor” e que nel non se admite o debate. O profesor Rodríguez Berrocal indica que coa nova estruturación moitas cousas dependen directamente do reitor e do xerente, polo que, na súa opinión, desvincúlense das vicerreitorías e, polo tanto, das comisións; deducindo que as decisións estratéxicas non pasarán polos órganos de decisión correspondentes.

Responde o reitor explicando que a estrutura presentada representa as funcións dos servizos que, por suposto, dependerán das correspondentes vicerreitorías; que o papel do reitor é a súa coordinación. De xeito que, os temas concretos dirixiranse a cada ámbito competencial directo, e alí serán tratados polas correspondentes comisións.

Tras un cruce de comentarios, o reitor dá por finalizado este punto da orde do día.

Punto 3. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2015/16.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado, quen lembra o acordo do Consello de Goberno anterior, no que se aprobou o calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2015/2016. Nel establécense as directrices xerais e as datas de presentación das expresións de interese.

Realiza a vicerreitora a presentación das declaracións de interese, agrupándoas en graos, máster e doutoramento.

GRAOS:

Informa a vicerreitora das expresións de interese presentadas en prazo.

1. Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
2. Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
3. Grao en Informática
4. Grao en Ciencias Ambientais
5. Grao en Enxeñaría Agraria
6. Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
7. Grao en Enoloxía

Indica a vicerreitora que todas elas corresponden a modificacións claras de títulos precedentes, excepto a de Grao en Enoloxía, que se presenta como modificación da titulación de Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos, pero que a COAP considera que se trata dunha titulación nova.

Posto que o procedemento de aprobación de propostas aprobado no C.G. anterior indica que “Excepcionalmente, poderán presentarse propostas de títulos de grao sempre que xurdan dunha modificación, fusión ou reorganización da actual oferta de titulacións”, na COAP aprobáronse todas as solicitudes presentadas, menos o Grao en Enoloxía, e esa é a proposta que traslada ao Consello de Goberno.

Intervén o profesor Araújo Nespereira para expresar que se o texto é o mesmo que permitiu a aprobación de Enxeñería Física, de igual xeito debería aplicarse a este. Explica que a proposta é unha maneira de visualización de docencia que xa se está a impartir, polo que non se considera un novo grao.

O profesor Rodríguez Berrocal solicita que se presente aos membros do Consello de Goberno un listado dos títulos solicitados e a documentación adecuada, así como que se informe do que sucedeu na COAP, na que o voto negativo ao Grao de Enoloxía foi por maioría, dada a súa abstención, por falta de información. Pide votación.

Reponde a vicerreitora ao profesor Araújo, indicando que non vai entrar en polémica, pero que a aprobación da expresión de interese do Grao de Enxeñería Física veu derivada dunha sentenza xudicial. Neste caso, trátase dun grao novo a tódolos efectos.

Responde a vicerreitora ao profesor Rodríguez Berrocal desculpándose por non ter detallado o resultado obtido na COAP, en canto á documentación relativa ás solicitudes, xunto coa convocatoria, enviouse un enlace que permitía o acceso a toda a información detallada.

Retoma a palabra o profesor Araújo Nespereira para indicar que coa titulación de Enx. Física seguise adiante coa sentenza do tribunal contencioso de Vigo posterior á presentación do grao. Explica que o procedemento que empregaron eles é o mesmo para a presentación do actual grao.

A vicerreitora repite que non se está a tratar o título de Enx. Física, senón o Grao en Enoloxía.

Lévase a cabo a votación a man alzada, co seguinte resultado:

Votos a favor da proposta da COAP: 27

Votos en contra: 7

Abstencións: 5

Apróbase a proposta da COAP.

MÁSTER:

Lembra a vicerreitora que segundo o procedemento de aprobación “Como norma xeral, non se admitirán propostas ex-novo de titulacións de máster para a súa implantación no curso 2015/16. Excepcionalmente, poderán presentarse propostas de títulos de máster sempre que xurdan dunha modificación, fusión ou reorganización da actual oferta de titulacións ou que se trate de iniciativas de interese estratéxico para a institución.

A vicerreitora fai unha presentación das distintas propostas de máster presentadas e dos informes emitidos pola Comisión de Estudos de Posgrao.

1. Máster universitario en Física Aplicada (Facultade de Ciencias do Mar).- Trátase dun máster xa existente ao que se suma outra Universidade.
2. Máster universitario en Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia (Fac. de Ciencias do Mar). Trátase dun máster xa existente ao que se suma outra Universidade.
3. Máster universitario en Oceanografía (Facultade de Ciencias do Mar).- Unificación de títulos existentes, coa posibilidade de facer un interuniversitario. Esta sería a primeira fase, cunha participación parcial dos profesores da Uvigo e coa integración total o próximo ano.
4. Máster universitario en Enxeñaría Eléctronica e Automática (E.S.E. Industrial). Transformación de “Máster universitario en investigación en tecnoloxías y procesos avanzados en la industria”.

5. Máster universitario en Enxeñaría Mecánica (E.S.E.Industrial).- Presentado como unha modificación: “Máster universitario en Ingeniería de la Soldadura”.
6. Máster universitario en Enxeñaría Térmica (E.S.E. Industrial), modificación dun máster existente de igual título.
7. Máster universitario en Prevención de riscos Laborais (E.S.E. Industrial). Modificación dun título existente, “Master universitario en Prevención de Riesgos Laborales”.
8. Máster universitario en Enxeñaría informática (E.S.E. Informática). Modificación dun máster existente, de igual título.
9. Máster universitario en Xeoinformática (E.S.E. Minas). Presentado como modificación do Máster en Tecnoloxía Medio Ambiental.
10. Máster universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (Fac.de Ciencias da Educación e do Deporte). Modificación dun máster existente, de igual título.
11. Máster en Educación (Facultade de Ciencias da educación e do deporte).- Presentado como máster de interese estratéxico por parte dos proponentes.
12. Máster universitario online en Xestión Administrativa (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación). Acceso á profesión regulada: Xestor Administrativo.
13. Máster universitario en Tradución e Edición: inglés-castelán/inglés-galego (Facultade de Filoloxía e Tradución); máster interuniversitario.
14. Máster universitario en Xénero e Globalización (Facultade de Filoloxía e Tradución).- Non cumpre criterios.
15. Máster universitario en Comercio Internacional (E.U. de Estudos Empresariais) modificación dun máster existente, de igual título.
16. Máster universitario en Auditoría e Contabilidade (Facultade de CC.EE. e empresariais), modificación dun máster existente, de igual título.
17. Máster universitario en Ciencia e tecnoloxía de materiais (Facultade de Química). Máster existente na USC, incorpórase á UVigo.
18. Máster universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa (Facultade de CC.EE. e Turismo), modificación dun máster existente, de igual título.
19. Máster universitario en Pensar o Noso Tempo: natureza, cultura, política e tecno-ciencia (F. de CC. da Educación). Non aparece aprobado por ningún centro, polo que a CEP non o aprobou.
20. Máster universitario en Investigación en Saúde.- É un máster novo, pero é o único en fisioterapia, polo que a CEP acordou aprobalo, pero cunha proposta de modificación do nome, para evitar posibles equívocos que orixine problemas na ACSUG.
21. Máster universitario en Finanzas (Facultade de CC.EE. e Empresariais); modificación dun máster existente, de igual título.

A proposta da vicerreitora é aprobar a relación de propostas másteres que foron acordados na Comisión de Estudos de Posgrao.

A profesora Rosa Pérez, quen como decana da Fac. de Filoloxía e Tradución, realiza a defensa dos dous másteres presentados no seu centro: “Tradución e Edición” e “Xénero e Globalización”. Propón a aprobación dun deles, deixando outro para o próximo ano. Considera que o segundo deles ten carácter estratéxico, como así o teñen os estudos de xénero. Procede da reestruturación dun POP que xa existía e que tiña demanda alta (25 prazas e había 40-50 solicitudes); trátase dun máster interdisciplinar.

Responde o reitor indicando que debemos ser conscientes do marco no que nos encontramos, e que aínda que as propostas son todas moi interesantes, dada a normativa aprobada en C.G., non se poden aprobar novos másteres, excepto cando son de acceso á profesión ou estratéxicos (internacional ou aqueles derivados dunha titulación na que non temos oferta, para evitar que os nosos estudantes deban abandonala se queren acadar un máster). Posteriormente, realizarase unha normativa que defina estas características estratéxicas. Apoio dende a institución para o Máster de Xénero e Globalización, considerando moi positivo que sexa interdisciplinar, pero non é este o momento para a súa aprobación.

Aclara a vicerreitora que non sendo un máster interuniversitario, nin internacional e que, por outra banda, xa existe un de características similares na Universidade de Santiago de Compostela, tal vez non reúna os requisitos non académicos necesarios para que a Consellería a tramite.

Toma a palabra o profesor D. Juan Pou, que como director da Escola de Enxeñería Industrial, defende o Máster en Enxeñaría Mecánica como unha transformación do Máster en Enxeñería da Soldadura que, na súa opinión, se suspende oficialmente este ano. Xustifica este desaxuste temporal pola xubilación do profesor D. Enrique Porto, coordinador do máster extinguido.

A vicerreitora, explica que a extinción do Máster en Enxeñería da Soldadura foi xa publicada no DOG, en Febreiro de 2013, e iso causa un problema técnico, xa que a Xunta o entende extinguido, e polo tanto a proposta presentada sería valorada como un novo máster.

Intervén o profesor Rodríguez Berrocal para indicar que considera necesario o Máster de Investigación en Saúde, da Facultade de Fisioterapia, pero que coincide en que o título non é axeitado, polo que propón que non se aprobe con ese título, xa que é moi xenérico e afectaría a moitos grupos da Universidade. Comenta a continuación os correos aparecidos en “Comunidade” de alumnos que piden a aprobación do Máster en Educación; argumentando que nesa Facultade non teñen estudos de máster, e polo tanto, non teñen posibilidade de continuar estudos.

Responde a vicerreitora indicando que na actualidade hai 4 másteres impartidos na Facultade de Ciencias da Educación e Deporte no Campus de Pontevedra, ademais do Máster Universitario para o Profesorado de Educación, no Campus de Ourense, polo que os alumnos non teñen problemas para continuar a súa formación.

Toma a palabra a profesora Belén Rubio para comunicar que aínda que na proposta do Máster interuniversitario de Oceanografía non figura a aprobación da Xunta de Facultade, teñen a reunión o próximo martes para a súa aprobación.

Finalizada a rolda de intervencións, procédese á votación da proposta, recibindo 29 votos a favor; 3 en contra e 9 abstencións, polo que, apróbase a relación de declaración de interese para propostas de títulos de máster.

DOUTORAMENTO:

Realiza a vicerreitora a presentación das declaracións de interese recibidas.

1. PD en Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica
2. PD en Tecnoloxías da información e as comunicacións.
3. PD en Neurociencia e psicoloxía clínica.
4. PD en Ciencia e tecnoloxía química (coord. USC).
5. PD en Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria.
6. PD en Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión.
7. PD en Sistemas Software intelixentes e adaptables.
8. PD en Modelización medioambiental e mineira.
9. PD en Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable.

Indica que todas elas recibiron informe favorable por parte da comisión permanente da EIDO. Algunhas das que presentan modificacións de menor importancia dende o punto de vista técnico teñen que ir a modificación do programa, noutros casos teñen que ir a verificación. Comenta o caso de Ciencias do

deporte, educación física e actividade física saudable, máster interuniversitario novo na Uvigo, e coordinado pola UDC.

Apróbanse por asentimento as relacións de declaración de interese para as propostas de títulos de grao, máster e doutoramento (**Anexo II**).

Punto 4. Aprobación, se procede, do procedemento e da modificación do calendario para a solicitude de informe previo de envío a verificación.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado, quen lembra que no anterior Consello de Goberno se aprobou o calendario de aprobación de propostas. De xeito habitual o procedemento remataba o 15 de novembro coa remisión da solicitude de títulos á Consellería. Pero este ano a Consellería modificou as datas, e remata o prazo o 1 de setembro. O que suporía non ter finalizado o proceso e, polo tanto, a non presentación dos títulos. Para evitalo, chegouse ao acordo de presentar o 1 de setembro a memoria xustificativa e económica e, o 1 de novembro, a memoria completa (que é a valorada pola ACSUG). Na práctica, fixar esa data de primeiro de setembro equivale a 1 de agosto, polo que o procedemento aprobado seguiría sendo o mesmo, pero o calendario debe ser modificado; debendo adiantarse a recepción das memorias ao 28 de xullo para que haxa tempo. A presentación da memoria final fíxase para o 19 setembro.

A vicerreitora fai a presentación dos puntos principais do “Procedemento para a solicitude de informe previo de envío a verificación e criterios para a elaboración das memorias de titulacións de grao, máster e doutoramento a implantar no curso 2015/16”, destacando o cambio da data de presentación das memorias, tal como explicara previamente.

Indica o reitor que o equipo continuará a traballar para potenciar as propostas e redefinir os calendarios para o próximo ano.

Apróbase por asentimento o “Procedemento para a solicitude de informe previo” (**Anexo III**).

Punto 5. Aprobación, se procede, de cursos de especialista.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado. A vicerreitora fai a presentación da proposta académica dos seguintes cursos:

- Curso de posgrao máster/especialista, organizado polo Dpto. de Dereito Público, denominado “Especialista en mediación”. Na súa primeira edición deste curso consta de 22,5 créditos, e está dirixido por Dna. Esther Pillado González e Dna. Francisca Fariña Rivera.
- Curso de posgrao máster/especialista denominado “Especialista en dirección de loxística e produción”, organizado pola Escola de Enxeñería Industrial baixo a dirección de D José Carlos Prado Prado, e cun total de 29 créditos.

Ambos os dous teñen informe favorable da COAP, e propón a súa aprobación.

Apróbanse por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 4 da Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito do Campus de Vigo.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado, quen explica que se recibiu na Vicerreitoría unha solicitude procedente do decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para modificar o artigo 4 da normativa que regula o acceso e funcionamento da simultaneidade ADE-Dereito no Campus de Vigo, relativo ao centro responsable da tramitación e xestión de expedientes académicos dos estudantes. Na actualidade figura a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, solicitándose por cuestións de racionalidade e eficiencia o cambio á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Comenta a vicerreitora que dos alumnos de novo ingreso na simultaneidade o 75% procede da FCCEE e o 25% da FCCXXT, e que, xunto coa solicitude, se achega un informe técnico da administradora do ámbito xurídico social e humanidades, que xustifica esta solicitude ao ter a área académica da FCCEE maior dispoñibilidade para as tramitacións administrativas dos expedientes académicos derivados da simultaneidade ADE-Dereito.

Lembra tamén que a modificación proposta refírese tan só a esta tramitación; que todos os demais asuntos, relativos a esta simultaneidade ADE-Dereito, deberán ser acordados polos dous centros.

Toma a palabra a profesora Esther Pillado, quen desexa expresar que na votación se vai abster por coherencia co sentir maioritario da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, reunida o día 3 de xullo, e que acordou por unanimidade rexeitar este cambio.

O profesor Rodríguez Berrocal opina que se trata dunha manipulación. A opinión da FCCXXT foi expresada nun escrito entregado na Secretaría Xeral e solicitouse a súa entrega aos membros de Consello de Goberno. Opina que no fondo subxace que cando se transforme nunha nova titulación, o centro que teña os expedientes terá vantaxe. Recalca que debe transmitirse a opinión da Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que é o centro do que partiu a idea da simultaneidade.

Intervén o profesor J. Santiago Gómez Fraiz (quen foi invitado a participar no Consello de Goberno a solicitude propia) quen, como decano da Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais, manifesta a súa vontade de que toda a xestión sexa igualitaria. Insiste en que non se quere crear polémica, pero que o procedemento técnico ten que buscar a racionalidade e eficiencia nas estruturas e na xestión.

Intervén a profesora Elena Rivo, decana da Fac. de Empresariais e Turismo do Campus de Ourense, que destaca a vantaxe que supón para o alumnado a existencia deste programa simultáneo a nivel de bolsas. Sinala que a proposta se iniciou en Dereito.

Toma a palabra o profesor Roberto Bustillo, quen explica que non se busca ningún tipo de vantaxe coa tramitación dos expedientes.

Intervén a secretaria xeral para explicar que a documentación procedente da Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo recibíuse por correo electrónico ás 14:30 h do día 3 Xullo (véspera do Consello de Goberno). Indica que a documentación que se entrega no Consello debe seguir un procedemento a través de rexistro oficial, que non foi seguido neste caso. Ademais, de ser unha solicitude realizada claramente fóra dos prazos de tempo para tal presentación.

Responde o profesor Rodríguez Berrocal que, nese caso, a documentación debería ser fotocopiada e deixala enriba da mesa.

Indica a secretaria xeral que tamén é posible facer chegar a vontade do centro través dos representantes no Consello de Goberno, como se está a facer.

O profesor Rodríguez Berrocal insiste en que debería terse informado deste escrito. Na súa opinión, debería haber acordo entre ambos centros; aquí hai unha imposición.

O reitor reitera o inadecuado do procedemento de presentación e que a decisión sobre a documentación que se presenta non é dos membros da comunidade universitaria, senón da mesa do Consello de Goberno. Aclara que se intentou acadar un acordo no punto que se debate, pero non se acadou.

Finalizado o debate deste punto, procédese á votación, co resultado de:

- 28 votos a favor da modificación
- 5 votos en contra
- 10 abstencións

O profesor Rodríguez Berrocal solicita que conste o seu voto en contra, por se hai accións xudiciais posteriores.

Faise constar a abstención expresa da profesora Esther Pillado González.

Apróbase a proposta de modificación do centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes académicos do alumnado de grao para a simultaneidade de ADE-Dereito.

Punto 7. Aprobación, se procede, de solicitudes de nomeamento de profesorado emérito.

Indica o reitor que están invitados a participar neste Consello de Goberno, a petición propia, os directores dos departamentos aos que pertencen ambos profesores solicitantes. Cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado.

A vicerreitora presenta a solicitude de nomeamento de profesorado emérito do profesor Pedro Merino Gómez, Catedrático do Departamento de Enxeñaría de Materiais, Mecánica Aplicada e Construción. Indica que este profesor cumpre os requisitos da normativa e a súa solicitude vén avalada por informe positivo do seu departamento e informe favorable, por unanimidade, da COAP. O seu CV pode ser consultado na documentación anexa.

O reitor cede a palabra á profesora M^a Julia Cristóbal Ortega, directora do Dpto. de Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción. Quen ademais de xustificar os sobrados méritos do profesor Merino Gómez, defende o informe favorable emitido polo Departamento, na necesidade de manter o vínculo por necesidades estratéxicas, derivada fundamentalmente da participación deste profesor en proxectos de investigación recentemente concedidos.

A vicerreitora solicita a votación da proposta de nomeamento de profesor Emérito de D. Pedro Merino.

Apróbase por asentimento, co voto particular en contra do profesor Pedro A. Araújo Nespereira.

Presenta a vicerreitora a solicitude de nomeamento de profesorado emérito da profesora M^a do Carmo Enríquez Salido, catedrática do Departamento de Lingua Española. Esta solicitude vén acompañada de informe negativo do seu departamento, así como do informe desfavorable da COAP por 4 votos en contra, 2 a favor e 1 abstención.

O reitor cede a palabra ao profesor Miguel Cuevas Alonso, director do Departamento de Lingua Española. Quen explica que na sesión do Consello de Departamento do 10 de abril acordouse, por maioría, informar desfavorablemente o nomeamento da Dra. M^a do Carmo Enríquez Salido por 9 votos a favor e 5 votos en contra. Tamén se acordou remitir, como informe xustificativo da devandita decisión, a acta provisional da sesión, a xustificación de voto dos membros do Consello e os votos particulares.

Intervén o profesor Adolfo Pérez Abellás, quen indica que este caso é un reflexo dunha universidade de axuste de contas. Expón que a solicitante é unha das asinantes dun recurso en contra do reitor; que entre os votos en contra están os do director e secretaria do departamento, que perderon as prazas como consecuencia dunha sentenza do TSX sendo a solicitante a presidenta da comisión que valorou ditas prazas. Destaca que os que votan en contra contan con 5 sexenios en total, tantos como os da Prof. Enríquez. Solicita que conste na acta o seu voto particular en contra da denegación da solicitude como emérita. O profesor Pérez Abellás achega por escrito a súa intervención, e faise constar como **Anexo IV** a esta acta.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger, quen fai un comentario dalgúns aspectos dos informes en contra da prof. Enríquez Salido. A nivel persoal menciona que, segundo os motivos de denegación referidos no informe do departamento, el non poderá cumprir os requirimentos indicados, como ser nomeado doutor honoris causa por unha universidade ou formar parte da Real Academia, e iso lle preocupa. A nivel institucional existen uns rankings nos que a Universidade de Vigo non ten bos niveis, por exemplo doutoramento, proxectos europeos e sexenios; polo que deberíase premiar ás persoas que achegan datos neses apartados. A nivel legal, os votos particulares baseados nunha personalidade que causa conflitos e divisións, que actúa de mala fe etc; indica que non quere entrar en que haxa inimizade manifesta, pero parecen referirse a unha persoa incómoda. Considera que o CV da candidata xustifica a súa continuidade como emérita. Desexa facer constar o seu voto claro a favor da concesión da solicitude de emérita.

Intervén a continuación o profesor Rodríguez Berrocal, quen indica que na COAP fixo a solicitude de que un informe externo valorara o CV da candidata. Explica que a figura de “emérito” indica que non se obriga á xubilación do profesor ao que se lle concede. E isto non causa problema no departamento, xa que mantén a súa aportación investigadora e non afecta á docencia. Manifesta a existencia de dúbidas razoables.

Toma a palabra a profesora Rosa Pérez, quen replica ao profesor Pérez Abellás. Indica que se a normativa di que o Consello de Departamento ten que facer un informe, non se pode descualificar a votación dese Consello por non ter un número determinado de sexenios. Con respecto ás prazas, manifesta que, na actualidade, non hai recursos xudiciais en marcha, e que as reclamacións da praza en litixio non eran da prof. Enríquez Salido, senón dun dos candidatos. Aclara que os votos emitidos no consello non son por cuestións persoais; os votos están motivados por actuacións académicas. Aclara tamén que o nomeamento de emérito non se logra por cumprir os requisitos especificados na norma, ese é o mínimo para poder solicitalo; hai que demostrar outros méritos. Considera, polo tanto, que esa concesión é un premio. Indica que tamén se pode seguir facendo unha función docente e investigadora sen formar parte do Consello de Departamento. Insiste en que non existe inimizade, que os argumentos son doutra índole.

Intervén a vicerreitora indicando que na súa exposición non reproduce todos os debates que tivo lugar na reunión da COAP, só os acordos que foron tomados. Coincide en que na definición de “Profesor Emérito” é onde existen discrepancias. Non é unha figura de concesión automática.

Responde o profesor Rodríguez Berrocal que ten a obriga de informar que foi solicitado o informe externo.

O profesor Pérez Cota manifesta que a Universidade de Vigo non se pode permitir perder a esta profesora, quen ten unha traxectoria relevante na súa área. Manifesta o seu voto favorable a que sexa emérita.

A profesora Rubio Armesto, membro da COAP e presente naquela xuntanza, comenta que se analizou con detalle a solicitude; non só se valorou o informe do Consello de Departamento, senón que se trataron outros aspectos. Certo é que se pediu ese informe alleo, e votouse en contra. Solicita que se clarifiquen as condicións a reunir para a condición de profesor emérito, para que esta situación non se volva a producir.

O profesor Miguel Cuevas intervén para aclarar que na discusión se empregou tan só unha parte do informe emitido polo departamento de maneira illada. No informe se presentan máis argumentos: a ausencia de consolidación de grupos de investigación baixo o seu liderado de 20 anos de única catedrática no departamento; o número de proxectos de investigación obtidos en convocatorias competitivas ao marxe da Uvigo, e a contía dos mesmos; o baixo número de teses de doutoramento etc. Eses son aspectos que para o Departamento teñen peso. Destaca tamén que o plano de traballo presentado na solicitude da Prof. Enríquez Salido é moi esquemático; non se definen liñas de investigación; e recalca que, na actualidade, non participa en ningún proxecto de investigación.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín indicando que o Consello de Goberno debe pasar por riba desas valoracións, xa que non somos da súa área, pero o Consello de Departamento fixo o seu informe cun 60% do apoio, e eles son os que poden valorar o CV da candidata. Está de acordo en que, tal vez, se deberían endurecer e aclarar as normativas.

Tras dúas novas intervencións dos profesores Pérez Abellás e Reigosa Roger, o reitor dá por finalizada a rolda de intervencións, e ante a evidente falta de acordo, posto de manifesto polo expresado polos diferentes membros do Consello de Goberno, solicita a votación.

O profesor Rodríguez Berrocal reitera a solicitude de informe externo.

Luis Pérez Gómez expresa o seu respecto persoal pola candidata.

Anuncia o reitor a votación, mediante o procedemento de voto segredo, da solicitude de nomeamento de profesorado emérito da Dra. M^a do Carmo Enríquez Salido. Recorda o reitor que o informe emitido polo departamento non é vinculante, así mesmo, recorda tamén a excepcionalidade da condición de emérito.

Finalizada a votación, o reconto de votos é o seguinte:

Votos favorables: 10
 Votos negativos: 20
 Votos en branco: 7
 Votos nulos: 3

Denégase, polo tanto, a solicitude de profesora emérita da Dra. M^a do Carmo Enríquez Salido.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, o cal informa que unha vez aprobadas as contas do exercicio 2013, e sendo o remanente da Universidade positivo, proponse a aplicación de parte das cantidades dispoñibles do remanente de libre disposición. As propostas derivan de dúas situacións:

- a) O sistema de concesión de axudas á investigación que emprega a Xunta de Galicia, polas súas carencias provoca que a aplicabilidade das axudas sexa moi dificultosa para os investigadores, motivo polo que no exercicio 2013 a Universidade articulou o sistema descrito na documentación anexa (**Anexo V**).
- b) Os prazos de peche do exercicio, que se establecen para cumprir cos requirimentos de rendición de contas establecidos pola normativa vixente e que impiden a xeración de crédito por ingresos no último mes do exercicio. Esta situación afecta as outras dúas propostas reflectidas na documentación anexa (**Anexo V**).

Valoradas as propostas, estas apróbanse por asentimento.

Punto 9. Toma en consideración, se procede, dos recursos extraordinarios de revisión que D. Roberto Pereira Moreira presenta contra o POD do curso 2013-2014, do Dpto. de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen comeza facendo unha breve presentación dos feitos: Na sesión extraordinaria do Consello de Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas, de data 6 de maio de 2013, aprobouse o POD do curso 2013/2014, co voto en contra do prof. Pereira Moreira. O día 10 de xuño de 2013 Roberto Pereira Moreira presentou recurso de alzada, no que solicitaba a minoración da carga docente por estar cursando estudos de doutoramento.

Con data 2 de decembro de 2013, ditouse Resolución reitoral pola que se desestimaba o recurso presentado polo profesor contra o acordo do Consello de Departamento, ao entender que dito acordo axustábase á legalidade vixente.

Posteriormente, o 10 de febreiro de 2014, o prof. Roberto Pereira Moreira presentou recurso extraordinario de revisión solicitando a suspensión provisional do acto impugnado. Unha Resolución reitoral do 14 de marzo resolve non acceder á petición de suspensión provisional do POD do curso académico 2013/2014, sen entrar a resolver o recurso extraordinario de revisión, que compete ao Consello de Goberno.

Para poder resolver este recurso neste Consello de Goberno, a Secretaría Xeral solicitou un informe da Asesoría Xurídica, que foi emitido o 17 de marzo de 2014. Neste informe se conclúe que, dado que non concorre ningún dos requisitos esixidos no artigo 118.1 da lei 30/1992 para estimar recurso extraordinario de revisión, procede, polo tanto, inadmitir o recurso presentado polo profesor Pereira Moreira.

Con data 15 de abril de 2014, o profesor Pereira Moreira presentou novo recurso extraordinario de revisión, onde solicita que se anule o POD do curso 2013/2014 do Departamento e una redución das horas docentes, co obxecto de conciliar o dereito á liberdade de cátedra do interesado co dereito á protección á saúde.

Posteriormente, o día 24 de abril de 2014 presentou recurso potestativo de reposición contra a inadmisión do recurso extraordinario de revisión.

Explica a secretaria xeral que un novo informe da Asesoría Xurídica, emitido o 5 de xuño de 2014, analiza estes últimos recursos, concluindo:

- Con respecto ao recurso extraordinario de revisión, que a documentación que achega o recurrente non reúne o requisito de “documento de valor esencial” esixido no artigo 118 da Lei

30/1992, polo que procede a súa inadmisión a trámite. Polo tanto, procedería a inadmisión a trámite do novo recurso extraordinario de revisión.

- Con respecto ao recurso potestativo de reposición contra a inadmisión do recurso extraordinario de revisión, reitera o informe que a Resolución reitoral que denega a suspensión do POD non resolve o recurso extraordinario. En canto ao fondo do recurso, indícase que o POD do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia se aprobou de acordo coa normativa vixente para o curso académico 2013/2014; que non contempla como redución da carga docente o estar cursando estudos de doutoramento ou as causas de saúde alegadas. Menciona a secretaria xeral que non se especifican ditas causas para garantir a necesaria confidencialidade. Polo que cómpre desestimar o recurso potestativo de reposición presentado.

Apróbase por asentimento a inadmisión a trámite dos recursos extraordinarios de revisión que o prof. Roberto Pereira Moreira presenta contra o POD do curso 2013-2014

Punto 10. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada de D. Roberto Pereira Moreira contra o POD 2014-15 do Dpto. de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen explica que, con data 24 de abril de 2104, o profesor Pereira Moreira presenta recurso de alzada contra a aprobación do POD polo Consello de Departamento, na xuntanza do 4 de abril de 2014. Nel solicita a redución da súa carga docente máxima (320 h) e efectiva de 187,5 horas a 52,5 h de docencia, en horario de mañá, co obxecto de conciliar a liberdade de cátedra co dereito á protección da saúde. Solicita a suspensión da execución do acto (POD).

Dende a Secretaría Xeral solicitouse un informe da Asesoría Xurídica. A cal, tras requirir información detallada ao departamento, indica que segundo a Normativa de dedicación do profesorado e recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2014/15, non se contempla o recoñecemento do dereito reclamado polo interesado. Igualmente, fai constar que o RD lexislativo de 1/2013 non parece dirixido a minorar a carga docente polas causas de saúde alegadas. Doutra banda, a materia asignada no POD foi elixida de preferencia polo prof. Pereira Moreira e os horarios son competencia do centro, non do Departamento.

Por todo o antedito, enténdese que o POD axústase á legalidade vixente e procede a desestimación do recurso alzada.

O profesor Pereira Moreira, presente na sesión do Consello de Goberno, toma a palabra para expoñer o seu caso. Tras unha breve intervención do profesor, aclara a secretaria xeral que o profesor Pereira Moreira solicitou por escrito poder asistir como público, e dende Secretaría Xeral informóuselle de que calquera membro da comunidade universitaria pode asistir as sesións do Consello de Goberno, pero sen voz ni voto, polo que a súa intervención é extraordinaria.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso de alzada do profesor Roberto Pereira contra o POD do curso 2014/15.

Punto 11. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por D. Ángel Aday Jiménez Alemán contra o acordo de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento tomado no Consello de Goberno do 20/01/14.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen explica que, con data 27 de febreiro de 2014, o alumno Ángel Aday Jiménez interpuxo recurso de alzada contra a proposta de premios extraordinarios fin de

carreira, grao e doutoramento, aprobada no Consello de Goberno do 20 de febreiro. No recurso discrepa da cualificación recibida polo tribunal do ámbito xurídico-social, e solicita lle sexa concedido o premio extraordinario de doutoramento.

O informe elaborado pola Asesoría Xurídica, tras pedir aclaracións das cualificacións emitidas ao tribunal avaliador, conclúe que non hai ningunha infracción do ordenamento xurídico; que o tribunal actuou dentro da súa discrecionalidade técnica, de acordo coas bases da convocatoria e cun baremo previamente aprobado, polo que procede desestimar o recurso presentado.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

Punto 12. Adhesión, se procede, da Universidade de Vigo á declaración polo día internacional do orgullo lésbico, gai, transexual, bisexual e intersexual.

Comenta o reitor que no Consello de Goberno pasado, o representante dos alumnos Brais Forte fixo a solicitude, no apartado de rogos e preguntas, de que no día internacional do orgullo LGBT realizara unha declaración institucional de apoio.

Ese apoio púxose de manifesto a través do DUVI nesa data, e hoxe tráese a este Consello de Goberno para ratificar a adhesión da comunidade universitaria ao manifesto que este colectivo nos fixo chegar (e que consta na documentación enviada). Neste texto a Universidade de Vigo manifesta o seu compromiso de traballar pola igualdade de todos os cidadáns e cidadás, con independencia da súa orientación sexual.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universitat de València* – Acordo de teses en cotutela entre a Universidade de Vigo e a *Universidade do Pará* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Regional Integrada do Alto Uruguai e das Missões (URI)* para o intercambio de estudantes – Addenda ao “Convenio entre as universidades de *La Laguna*, Santiago de Compostela, Zaragoza e *Alacante* para o desenvolvemento dun modelo de *Curso en Competencias Informacionais* para o grao no ámbito das bibliotecas universitarias.

Ao non haber nada especial que salientar con respecto deste convenios, apróbanse por asentimento.

Punto 14. Elección dos representantes no Consello Social: 1PDI; 1Estudiante; 1PAS.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral. Esta explica que trala renovación da composición do Consello de Goberno, cómpre tamén anovar a representación deste órgano no Consello Social coa elección dun representante do profesorado, un representante do alumnado e un do persoal de administración e servizos.

Non é necesario realizar votación, xa que as candidaturas foron:

- Unha candidatura no sector alumnado de: Hadrián Fernández Alvarado
- Unha candidatura no sector PAS: Carlos Mollinedo Lois
- Non se presentaron candidaturas no sector PDI

Polo tanto, noméanse representantes do Consello de Goberno no Consello Social a:

- Carlos Mollinedo Lois (PAS)
- Hadrián Fernández Alvarado (Alumnado)

Queda vacante o sector PDI, que deberá ser cuberta nos próximos CG.

Punto 15. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.

- Sector PDI: 1 vacante
- Sector Estudiantes: 1 vacante

Cede a palabra o reitor á secretaria xeral, quen lembra que no anterior Consello de Goberno quedaron vacantes nesta comisión 1 praza no sector PDI e unha vacante no sector estudantes.

Non é necesario proceder á votación, xa que tan só se presentou unha candidatura no sector PDI, cos 10 avais necesarios segundo o regulamento:

- Manuel Caeiro Rodríguez (Prof. CD da E.E. de Telecomunicación)

Polo tanto, nomease a Manuel Caeiro Rodríguez representante do PDI na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

Queda vacante a praza do sector estudantes, que deberá ser cuberta nos próximos CG.

Punto 16. Elección de representantes nas comisións delegadas de Consello de Goberno:

- Organización Académica e Profesorado: 1 PAS
- Planificación e Asuntos Económicos: 1 PAS
- Investigación: 1 PAS
- Extensión Universitaria e Estudiantes: 1 PAS

Como indica o artigo 18.8 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno: *Os membros do CG que non sexan membros natos das comisións delegada só poderán formar parte dunha comisión. No caso de quedar sen cubrir algún posto, procederase a unha nova elección na que non será aplicable esta limitación.*

Facendo esta consideración, non é necesario realizar á votación, xa que tan só se presentaron candidaturas a:

- Organización Académica e Profesorado: Carlos Mollinedo Lois
- Planificación e Asuntos Económicos: Luis Pérez Gómez
- Extensión Universitaria e Estudiantes: Luis Pérez Gómez

Non hai candidaturas para a Comisión de Investigación.

Polo tanto, noméanse representantes do persoal de administracións e servizos a Carlos Mollinedo Lois (COAP) e Luis Pérez Gómez (Extensión Universitaria e Estudiantes e na de Planificación e Asuntos Económicos), quedando unha vacante na Comisión de Investigación, que deberá ser cuberta en posteriores CG.

Punto 17. Rogos e preguntas.

Intervén o representante do alumnado, Brais Fortes, para preguntar acerca da adhesión da Universidade de Vigo ao dominio “.gal”. Tamén pide explicacións acerca do feito de que a pesar da subvención por parte da Universidade á compañía Vitrasa, a partir do 11 de xullo o servizo dende a Prza. de España queda desatendido, a pesar de que aínda se realizan exames. Solicita que se fale co Concello para que se manteña o servizo. Solicita que se inclúa na acta o seu comentario, acerca da necesidade de evitar a duplicidade das titulacións.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación para indicar que a Uvigo só subvenciona unha pequena parte do billete do autobús, dentro da súa política de apoio ao estudantado; que o servizo é prestado polo Concello a través da concesionaria do transporte urbano, e que a Universidade leva a cabo tarefas de seguimento para que o servizo sexa o mellor posible, polo que se farán as xestións oportunas para que se manteña o servizo. Con respecto do dominio “.gal”, por suposto que a Universidade se vai adherir, é unha das entidades pioneiras no emprego deste dominio.

Intervén o xerente para matizar que a Universidade ten o compromiso do Concello de que este fará o necesario para garantir servizo de lanzadeiras durante o período académico, de tal xeito que a empresa ten que axustar a frecuencia do servizo a demanda. Verificarase que se cumpra.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal cunha pregunta e un rogo: a pregunta é cando estará o ditame sobre as incidencias na titulación de Ciencias Policiais; e o rogo, que intente ser o reitor de todos, ademais de selo ten que parecelo. Indica que neste Consello de Goberno houbo dous casos que poden ser interpretados de parciais, probablemente de xeito incorrecto.

Responde o reitor que finalizada a información reservada que examinou a totalidade da información do caso, enviarase aos reclamantes en breve o ditame do reitor. Posteriormente será comunicado ao Consello de Goberno.

Intervén a profesora Elena Rivo trasladando o rogo da Facultade de que cree unha base de datos que facilite a detección de plaxios; ou que se estude a posibilidade de implantar un sistema para a detección deses plaxios nos traballos fin de grao e de fin de máster.

O representante do estudantado, Hadrián Fernández, pregunta polos compromisos chegados co reitor con respecto da aplicación do artigo 4.7 das normas de permanencia. Responde o reitor indicando que nesa mesma data saía cara aos diferentes servizos a instrución relativa á aplicación extensiva dese artigo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:12 horas do día 4 de xullo de 2014 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



Gloria M. Pena Uris